

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARIÑO

Bases convocatoria actividades culturales, deportivas e educativas ano 2019

ANUNCIO

Aos efectos de xeral coñecemento faise público o Decreto Alcaldía de data 27/09/2019 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas para sufragar as actividades culturais, educativas e deportivas no ano 2019, e cuxo teor literal se reproduce a continuación:

BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA SUFRAGAR AS ACTIVIDADES CULTURAI, DEPORTIVAS E EDUCATIVAS: ANO 2019

As presentes bases rexerán a convocatoria de concesión de axudas para sufragar as actividades culturais, deportivas e educativas dos/as alumnos/as empadroados/as e escolarizados/as en Cariño nos seguintes cursos:

- Infantil (3, 4 e 5 anos).
- Educación Primaria.
- Educación Secundaria Obrigatoria.
- Bacharelato.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas para garantir o acceso ás actividades culturais, deportivas e educativas (clases de apoio aos estudos, apoio a necesidades educativas,...) que se realicen no Concello de Cariño durante o ano 2019, destinadas ós/ás alumnos/as empadroados/as e escolarizados/as nesta localidade nalgún dos cursos desta convocatoria, pertencentes ás familias con menor poder adquisitivo do municipio, non sendo compatibles con calquera outra axuda que perciban polo mesmo concepto.

O fin último destas axudas é favorecer a integración sociocultural e garantir as necesidades básicas destas unidades familiares no eido da cultura, educación e deporte.

2. PERSOAS BENEFICIARIAS.

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria aquelas persoas que cumpran, ademais dos sinalados no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como no artigo 6 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño, os seguintes requisitos:

1º. Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da actividade obxecto da solicitude de subvención: ingresos non superiores ao importe do 1,5 do IPREM* por unidade familiar composta por 2 membros, que se incrementará nun 10% por cada membro que conforme cada unidade familiar en maior número a dous, entendendo por esta a composta por nais, pais, titores/as ou acolleedores/as e os/as menores:

TÁBOA 1: LÍMITES APLICABLES	
Nº CONVIVINTES	*IPREM + 10% POR CADA MEMBRO DA U.F.
2	806,76 €
3	887,44 €
4	976,18 €
5	1.073,80 €
6	1.181,18 €
7	1.299,30 €
8	1.429,23 €

(*) Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM) 537,84 €/mes.

2º. Estar empadroados en Cariño.

3º. Estar matriculados/as en centros de ensinanza situados no termo municipal de Cariño.

4º. Presentar a solicitude dentro do prazo sinalado, xunto á documentación esixida.

3. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

As xerais recollidas no artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia; no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións, e as do artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño, ademais das seguintes:

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nas bases da convocatoria.

b) Responder da veracidade dos datos da solicitude.

4. TIPO, CONTÍA E LÍMITE DAS AXUDAS.

4.1.- As axudas son a fondo perdido e serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva; o importe fixarase atendendo ó custo das actividades presentadas e ás disponibilidades orzamentarias.

4.2.-As axudas que se regulan nestas bases terán carácter único e non acumulativo, de tal xeito que só poderá concederse unha axuda no mesmo ano para o mesmo concepto.

4.3.-O Concello subvencionará un máximo de 3 actividades por neno/a. No caso de que haxa solicitudes con máis de 3 actividades, soamente se terán en conta as 3 primeiras segundo a orde establecida na solicitude.

4.4.-Segundo a dispoñibilidade orzamentaria, a axuda poderá cubrir ata o 100% do custo da actividade. No caso de que o crédito orzamentario non sexa suficiente para subvencionar a totalidade das solicitudes presentadas, terán prioridade aquelas solicitudes con menor renda per cápita da unidade familiar.

En caso de solicitudes con varias actividades, no caso de que o crédito orzamentario non sexa suficiente para cubrir a totalidade das mesmas, será subvencionada a primeira das actividades obxecto da axuda, pola orde de prelación establecida na solicitude. Se resultasen remanentes de crédito despois da concesión da primeira actividade, iranse cubrindo os custos das seguintes actividades seguindo os mesmos criterios que para a primeira actividade.

5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 8.000 euros que se imputará á aplicación 326-48000 do orzamento de gastos do ano 2019 (prorrogado de 2018).

6. SOLICITUDES.

6.1.-A documentación que deberán achegar xunto coa solicitude (ANEXO I) será a seguinte:

a. Certificación do Secretario/a do centro de ensinanza de conforme o alumno/a está escolarizado en Cariño (Anexo II)

b. Fotocopia do DNI do/da solicitante, NIE ou pasaporte.

c. Volante de convivencia da persoa solicitante.

d. Fotocopia do libro de familia.

e. Orzamento do gasto polo que se solicita a axuda (Anexo III).

f. Declaración xurada relativa ás subvenciones solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma actividade (Anexo IV). .

g. Última declaración da renda ou certificación negativa de non facela de todos os membros da unidade familiar.

h. Certificacións bancarias de saldos, depósitos, valores e contas a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior á solicitude (datos fiscais). Movementos bancarios dos últimos seis meses.

i. Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria), Consellería de Facenda da Xunta de Galicia da sociedade e, ou autorización expresa ao concello para solicitálas. (Anexo VA, VB e VC). Comprobarase de oficio que o solicitante se atope ao corrente nas obrigas tributarias municipais.

j. De ser o caso, fotocopia do certificado de minusvalía, resolución de invalidez ou do recoñecemento do grao de dependencia, no caso de que algún membro da unidade de convivencia estea afectado por algún tipo de discapacidade.

7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

7.1.-A solicitude farase segundo os modelos establecidos nos Anexos desta convocatoria, e presentarase no Rexistro do Concello de Cariño, ou por calquera outro medio establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.2.-O prazo de presentación será de 20 días naturais dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. As bases e os seus anexos estarán a disposición das persoas interesadas no Rexistro Xeral do Concello ou nas dependencias dos Servizos Sociais Comunitarios e na páxina web www.concellodecarino.gal.

Xunto coa solicitude, aportarase a totalidade da documentación establecida nestas bases. Se as solicitudes presentadas non reunisen os requisitos sinalados, requiriráselle ós/ás interesados/as para que no prazo máximo e improrrogable de 10 días subsanen as anomalías advertidas; de non facelo teráselle por desistido a súa solicitude.

8. AUTORIZACIÓNS.

Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada dá expresamente autorización ao Concello de Cariño para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida.

Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal poderán exercerse ante o Concello das Cariño como responsable dos ficheiros, en conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal y el Real Decreto-ley 5/2018, de 27 de julio, de medidas urgentes para la adaptación del Derecho español a la normativa de la Unión Europea en materia de protección de datos.

9. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.

9.1.-As solicitudes valoraranse tendo en conta a renda per cápita dos compoñentes da unidade familiar (táboa 2) e en base á táboa 1 indicada no punto 2 das presentes bases.

- De ser familia numerosa, computarase un membro máis na unidade familiar.
- De existir unha persoa na unidade familiar cunha discapacidade recoñecida entre o 33% e o 65%, computará como dous membros; si a discapacidade é superior ao 65% computará por tres membros.
- No caso de que a situación de dependencia sexa igual ou maior ao Grao II computará por tres membros e con Grao I por dous.
- De presentarse resolución de incapacidade permanente total traducirse en dous membros e por incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez por tres.
- Para os casos de persoas vítimas de violencia de xénero, darase preferencia sempre e cando exista situación de empate na puntuación total.

10. PROCEDEMENTO DE INSTRUCCIÓN, TRAMITACIÓN E CONCESIÓN DAS AXUDAS.

10.1.-O procedemento de concesión da subvención recollida nestas bases axustarase o disposto no art. 19.1 da lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño. As subvencións serán adjudicadas segundo o punto seguinte o establecido no punto 4 desta convocatoria ata o esgotamento do crédito orzamentario.

10.2.-A instrución do procedemento a realizará a Concellería de Benestar Social, Educación e Igualdade.

10.3.-Recibida a solicitude se non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, o órgano instrutor do procedemento, de conformidade co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requirirá a persoa solicitante para que, nun prazo máximo e improrrogable de dez días, enmende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixera, considerarase desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

10.4.-De acordo co previsto no artigo 22 da Lei 09/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e o disposto no artigo 13 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño, o órgano instrutor, un técnico adscrito á Concellería de Benestar Social, Educación e Igualdade verificará a concorrencia dos requisitos requiridos nesta convocatoria para conceder as subvencións; para tal efecto realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deba formular a proposta de resolución. O órgano instrutor, avaliadas e informadas as solicitudes, elaborará a proposta de concesión das subvencións que será elevada a ditame da Comisión de Valoración. Dita Comisión estará formada polo Alcalde-Presidente, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente, o secretario/a, o interventor/a, un/ha técnico/a e un administrativo do Concello de Cariño. Previa proposta do instrutor do procedemento, a Comisión de Valoración emitirá un ditame que por conduto do servizo instrutor, será sometida á aprobación do órgano competente para a súa resolución. Redactarase a acta polo secretario/a, e elaborarse proposta definitiva de concesión de subvención, ou no seu caso, de denegación ou exclusión das mesmas.

10.5.-En calquera momento do procedemento poderá instarse á persoa ou entidade solicitante para que cumprimente calquera requisito ou trámite omitido, de acordo co previsto no artigo 73 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, concedéndose para ese efecto un prazo de cinco días hábiles

a partir do día seguinte aos da notificación, con expreso apercibimento de que, de non facelo así, poderáselle declarar decaído no seu dereito ao devandito trámite; con todo, admitirase actuación do interesado e producirá efectos legais, de preoducirse antes ou dentro do día en que se notifique a resolución na que se teña transcorrido o prazo.

10.6.-A proposta definitiva da Comisión de Valoración remitirase á Alcaldía que será o órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas subvencións, previa fiscalización de intervención, no prazo máximo de 15 días desde o último día de prazo de presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de 15 días sen que a Alcaldía dite resolución expresa, entenderase desestimada a petición de axuda por silencio administrativo. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución de Alcaldía, de concesión ou denegación das axudas, esgota a vía administrativa e notificarase aos solicitantes no prazo de cinco días desde que se dite, de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa notificación, perante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co artigo 124 da Lei da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e dos artigos 8.1 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, regulamentadora da xurisdición contenciosa-administrativa. Potestativamente, poderá formularse recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte da notificación do mesmo, perante o órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo co artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de cinco días a contar do seguinte ao da notificación do outorgamento da subvención a comunicarlle á Concellería Benestar Social, Educación e Igualdade a aceptación ou renuncia, por escrito, das axudas; transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada.

11. XUSTIFICACIÓN PARA O SEU ABOAMENTO.

Con carácter xeral, o pagamento realizarase mediante un pagamento único logo da xustificación da efectiva realización da actividade. Para isto deberán cumprimentarse os modelos normalizados a tal efecto.

11.1.-A xustificación deberá realizarse mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello de Cariño, no prazo de cinco días hábiles dende a notificación da resolución, a seguinte documentación:

a) Xustificación da subvención (Anexo VII).

b) Conta xustificativa dos gastos totais subvencionados (Anexo VIII).

c) Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas polo importe total da subvención outorgada polo Concello de Cariño xunto cos recibos ou certificacións bancarias acreditativas do seu pagamento. Ou Calquera outro medio de xustificación de valor probatorio con validez no tráfico xurídico mercantil, que acrediten, en todo caso, a realización da actividade obxecto de subvención, e que deberán ser concretados nas bases da convocatoria ou no correspondente convenio.

-No caso dos gastos das actividades dos meses de novembro e decembro, se non houbose todavía factura nin acreditación do pagamento desta, presentarase no seu lugar unha certificación do secretario da entidade na que debe indicar que o beneficiario da axuda este matriculado por esos meses. As facturas, recibos, xustificantes acreditativos do pagamento das actividades de novembro e decembro deberán presentarse no Rexistro Municipal do Concello de Cariño antes do 15 de xaneiro, para darse por concluída a fase de xustificación.

d) Declaración xurada relativa ás subvenciones solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma actividade/investimento, segundo modelo Anexo IV.

11.2.-No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento presentado e/ou do importe da subvención concedida aboarse a totalidade da subvención, mentres que para o suposto de que se xustifique gasto inferior ao 100% aboarse a parte proporcional da mesma.

Unha vez xustificadas os gastos non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo máximo de 5 días hábiles para a súa corrección e, de non cumprirse este requisito dentro do prazo concedido a tal efecto, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos correctamente xustificadas, se fose o caso, aplicando o coeficiente de financiamento.

12. VERIFICACIÓN E CONTROL

Os/as beneficiarios/as quedarán obrigados/as a facilitar todas as actuacións de comprobación que se efectúen pola comisión de valoración e seguimento das axudas. Así mesmo, quedarán sometidos ás actuacións de control financeiro que lle correspondan á Intervención do Concello de Cariño e polo Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

13. MODIFICACIÓN E REINTEGRO DAS AXUDAS CONCEDIDAS.

Unha vez efectuada a comprobación polo servizo xestor da subvención, o órgano que concedeu a subvención, previa audiencia da persoa beneficiaria ou entidade colaboradora, e emitido o preceptivo informe de Intervención, declarará a perda do dereito a cobro da subvención-e, no seu caso, o reintegro das cantidades pagadas- se o referido informe constata algún dos supostos contidos no artigo 25.1 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño.

A efectos de determinar a cantidade que finalmente haxa de percibir a persoa ou entidade beneficiaria, os criterios de gradación serán os fixados no artigo 25.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. Procederá a revogación da subvención, así coma o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a existencia dos xuros de demora, cando exista incumprimento pola persoa beneficiaria de calquera dos requisitos, condicións e demais circunstancias que deron lugar ao outorgamento da subvención, dando lugar á anulación da subvención concedida.

14. RESPONSABILIDADES, RÉXIME SANCIONADOR E REINTEGROS.

14.1.-As persoas beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e réxime de sancións que, sobre infraccións administrativas en materia de subvencións, que establece o Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

14.2.-Ademais das causas de invalidez da resolución da concesión, recollidas no artigo 36 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, dará lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así coma á esixencia dos xuros de demora desde a data do pagamento da subvención até que se acorde a procedencia do reintegro da mesma, os casos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e, en concreto, por obterse a subvención falseando as condicións requiridas para conseguilo ou ocultando aquelas que o impedian.

14.3.-O procedemento de reintegro das subvencións rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidos no Título IV da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e polo artigo 30 do Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño.

14.4.-Procederá o reintegro total da axuda percibida o incumprimento da obriga establecida nestas bases de manter a actividade durante o período de tempo establecido nestas bases para cada un dos tres programas.

14.5.-Na tramitación do procedemento de reintegro garantirase, en todo caso, o dereito da persoa interesada a audiencia. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de 12 meses, dende a data de acordo de iniciación segundo o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Dito prazo poderá suspenderse e ampliarse, de acordo co previsto no artigo 22 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De transcorrer o prazo para resolver sen que se notificara a resolución expresa de reintegro, producirase a caducidade do procedemento, sen prexuízo de continuar as actuacións até o remate e sen que se considere interrompida a prescrición polas actuacións realizadas até o remate do antedito prazo.

15. PUBLICIDADE.

15.1—PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web www.concellodecarino.gal, unha vez aprobadas polo órgano competente; as anteditas bases reguladoras, a convocatoria e os modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Benestar Social, Educación e Igualdade, na páxina web www.concellodecarino.gal e no taboleiro de anuncios do Concello de Cariño.

15.2—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.

Os datos persoais que deban facilitar as persoas solicitantes das axudas serán para os efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter as anteditas axudas e serán tratados para os exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a Concellería de Benestar Social, Educación e Igualdade.

15. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A concesión destas axudas rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e o regulamento que a desenvolve no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; pola Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño; polas bases reguladoras que se conteñen nas presentes convocatorias, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

ANEXO I:

SOLICITUDE DE AXUDA PARA SUFRAGAR AS ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E EDUCATIVAS: ANO 2019	
<i>DATOS SOLICITANTE</i>	
NOME E APELIDOS	
DNI	
ENDEREZO	
TELÉFONO	

<i>COMPOSICIÓN E VARIABLES SIGNIFICATIVAS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA</i>				
NOME E APELIDOS	DNI	PARENTESCO	MINUSVALÍA/ DEPEN/INCAP	INGRESOS
SOLICITANTE				

SOLICITO:

Que me sexa concedida esta axuda para sufragar as actividades culturais e/ou deportivas, destinada aos seguintes estudantes, que cursarán estudos no/s centro/s e curso/s que a continuación se relacionan:

NOME ALUMNO/A	CENTRO EDUCATIVO	CURSO

DECLARO:

Que de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas para sufragar as actividades culturais, deportivas e educativas para o ano 2019:

- Casilla de verificación Coñezo e acepto as bases da convocatoria e que non estou incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade algunha para percibir subvencións da administración pública.
- Casilla de verificación Sométome ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Cariño poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
- Casilla de verificación A contía dos ingresos obtidos por todos os membros da unidade de convivencia en concepto de rendas, intereses, retribucións, pensións, ou calquera outro título.

Documentación complementaria que se achega co modelo de solicitude (ANEXO I).

- Casilla de verificación ANEXO II: Certificación do Secretario/a do centro de ensinanza de conforme o alumno/a está escolarizado en Cariño.
 - Casilla de verificación Fotocopia do DNI do/da solicitante, NIE ou pasaporte.
 - Casilla de verificación Volante de convivencia da persoa solicitante.
 - Casilla de verificación Fotocopia do libro de familia.

- Casilla de verificación Orzamento do gasto polo que se solicita a axuda (Anexo III).
- Casilla de verificación Declaración xurada relativa ás subvenciones solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma actividade (Anexo IV).
 - Casilla de verificación Última declaración da renda ou certificación negativa de non facela de todos os membros da unidade de convivencia.
 - Casilla de verificación No caso de solicitantes non obrigados a presentar declaración sobre o IRPF, declaración responsable sobre os ingresos económicos de cada membro da unidade familiar (Anexo VI).Deberase presentar un por cada membro maior de idade da unidade familiar.
 - Casilla de verificación Certificacións bancarias de saldos, depósitos, valores e contas a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior á solicitude.
 - Casilla de verificación Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria), Consellería de Facenda da Xunta de Galicia da sociedade e , ou autorización expresa ao concello para solicita-las. (Anexo VA, VB e VC). Comprobarase de oficio que o solicitante se atope ao corrente nas obrigas tributarias municipais.
 - Casilla de verificación Tarxeta do Servizo Público de Emprego que acredite a situación de demanda ou mellora de emprego das todas as persoas que conformen a unidade de convivencia, no caso de non estar inscritos como demandantes de emprego no SEPE presentarase informe de vida laboral.
- Casilla de verificación De ser o caso, fotocopia do certificado de minusvalía, resolución de invalidez ou do recoñecemento do grao de dependencia, no caso de que algún membro da unidade de convivencia estea afectado por algún tipo de discapacidade.
 - Casilla de verificación De ser o caso, copia da sentenza de separación, divorcio ou nulidade, xunto co convenio regulador e en defecto destes, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor de fillo/a a cargo.

Cariño, a ____ de _____ de 2019

Asdo./

A/A SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARIÑO

ANEXO II

D./D^a. _____, **Secretario/a do centro** _____, en relación á solicitude de axuda para sufragar as actividades culturais, deportivas e educativas do ano 2019 convocada polo Concello de Cariño.

CERTIFICO:

Que o/a alumno/a _____, realizou a matrícula para cursar neste centro estudos/actividades de _____, durante o ano 2019.

E para que conste, asino o presente certificado, a petición da persoa interesada en Cariño, a ___ de _____ de 2019.

Asdo./

A/A SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARIÑO

ANEXO III**ORZAMENTO DE GASTO POLO QUE SE SOLICITA A AXUDA**

Débese cubrir un cadro por cada solicitante da axuda, como persoa participante nas actividades.

NOME DO ALUMNO	ACTIVIDADE (por orden de preferencia)	CUSTO
NOME DO ALUMNO	ACTIVIDADE	CUSTO

NOME DO ALUMNO	ACTIVIDADE	CUSTO

NOME DO ALUMNO	ACTIVIDADE	CUSTO

NOME DO ALUMNO	ACTIVIDADE	CUSTO

Cariño, a ____ de _____ de 2019

Asdo./

A/A SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARIÑO

ANEXO IV

DECLARACIÓN XURADA DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS

Don/Dona, con DNI, núm
, representante da empresa,
 con CIF/NIF,, solicitante dunha subvención ao abeiro da convocatoria, para
 o ano 2019 , **das Axudas para sufragar as actividades culturais, deportivas e educativas:
 ano 2019.**

DECLARO:

- Non ter solicitada ningunha outra axuda de administracións ou entidades públicas para a mesma finalidade.
- Ter solicitada e /ou concedida algunha subvención, de administración ou entidades públicas, para a mesma finalidade:

Concepto axuda solicitada	importe	Administración ou entidade pública	Orde reguladora

Cariño, de de 2019

Asdo. D./D^a:

DNI/NIF:

A/A SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARIÑO

ANEXO V A**AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA RECABAR DATOS DA TESOURERÍA XERAL DA
SEGURIDADE SOCIAL RELATIVOS Á SITUACIÓN DE DÉBEDA**

Don/Dona, con DNI.....,
en representación decon
CIF/NIF,....., en relación coas **Axudas para sufragar as actividades
culturais, deportivas e educativas: ano 2019.**

AUTORIZO ao Concello de Cariño a solicitar e recibir da Tesourería Xeral da Seguridade Social os datos relativos á situación de débeda coa Seguridade Social referentes:

Cariño de de 2019

Asdo. D./D^a:

DNI/NIF:

A/A SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARIÑO

ANEXO V B**AUTORIZACIÓN PARA RECABAR DATOS DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA**

A persoa que asina este documento **autoriza ao Concello de Cariño** a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos ao cumprimento das obrigas tributarias da entidade a que representa para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención e/o axuda ao abeiro das **Axudas para sufragar as actividades culturais, deportivas e educativas: ano 2019**.

Esta autorización outórgase exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente, e en aplicación ao disposto no artigo 95.1k) da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP para o desenvolvemento das súas funcións.

Don/Dona, con DNI.....,
en representación decon
CIF/NIF,....., en relación coas **Axudas para sufragar as actividades culturais, deportivas e educativas: ano 2019**.

Cariño de de 2019

Asdo. D./D^a:

DNI/NIF:

A/A SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARIÑO

ANEXO V C**AUTORIZACIÓN PARA RECABAR DATOS DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN
TRIBUTARIA**

A persoa que asina este documento **autoriza ao CONCELLO DE Cariño** a solicitar da Consellería de Facenda os datos relativos á situación de débeda coa Seguridade Social para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención e/o axuda ao abeiro das **Axudas para sufragar as actividades culturais, deportivas e educativas: ano 2019**.

Esta autorización outórgase exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente, e en aplicación ao disposto no artigo 95.1k) da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP para o desenvolvemento das súas funcións.

Don/Dona, con DNI.....,
en representación decon
CIF/NIF,....., en relación coas **Axudas para sufragar as actividades
culturais, deportivas e educativas: ano 2019**.

Cariño de de 2019

Asdo. D./D^a:

DNI/NIF:

A/A SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARIÑO

ANEXO VI**PARA SOLICITANTES NON OBRIGADOS A PRESENTAR DECLARACIÓN SOBRE O IRPF, DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE INGRESOS ECONÓMICOS**

Don/a, maior de idade, con DNI N° con domicilio en Cariño (A Coruña), Rúa/Avenida/Praza número CP, en relación á solicitude **das Axudas para sufragar as actividades culturais, deportivas e educativas: ano 2019**, convocadas polo Concello de Cariño, d DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

1. Que os ingresos económicos obtidos no ano 2018, ascenden á cantidade de_€. Estes ingresos son os únicos que percibo.
2. Que ditos ingresos proveñen de (por exemplo: rentas de traballo, ou prestacións; rentas de capital, intereses, alugueiros, dividendos, etc.):
3. Que adxunto os seguintes documentos acreditativos de ditos ingresos que a continuación relaciono:

Cariño, de de 2019

Asdo. D./D^a:

DNI/NIF:

A/A SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARIÑO

ANEXO VII

XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS PARA SUFRAGAR AS ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E EDUCATIVAS: ANO 2019

Don/a , con DNI Nº , e domicilio en rúa , Nº_, Portal , Piso , CP_, Concello de Cariño (A Coruña), actuando en nome propio pu en representación de Don/a

, menor de idade, diríxese o Concello de Cariño e expón:

Que o abeiro da convocatoria das Axudas para sufragar as actividades culturais, deportivas e educativas: ano 2019 foille concedida unha subvención por importe de €

ACHEGA a DOCUMENTACIÓN esixida nas Bases reguladoras da convocatoria de subvencións, a efectos da xustificación da subvención concedida neste Exercizo 2019 para a actividade/investimento que se indica a continuación:

DATOS DA ACTIVIDADE/S ///, a		
Denominación da/s actividade/s :		
IMPORTE CONCEDIDO:	IMPORTE TOTAL ORZAMENTADO:	TOTAL GASTOS XUSTIFICADOS :

- Relación da documentación xustificativa que se presenta anexa a este escrito:

Deberase marcar cun [X] a documentación que se achegue.

- Casilla de verificación Xustificación da subvención (Anexo VII).
- Casilla de verificación Conta xustificativa dos gastos totais subvencionados (Anexo VIII).
- Casilla de verificación Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas polo importe total da subvención outorgada polo Concello de Cariño xunto cos recibos ou certificacións bancarias acreditativas do seu pagamento.Ou Calquera outro medio de xustificación de valor probatorio con validez no tráfico xurídico mercantil, que acrediten, en todo caso, a realización da actividade obxecto de subvención, e que deberán ser concretados nas bases da convocatoria ou no correspondente convenio.

-No caso dos gastos das actividades dos meses de novembro e decembro, se non houberse todavía factura nin acreditación do pagamento desta, presentarse no seu lugar unha certificación do secretario da entidade na que debe indicar que o beneficiario da axuda este matriculado por esos meses. As facturas, recibos, xustificantes acreditativos do pagamento das actividades de novembro e decembro deberán presentarse no Rexistro Municipal do Concello de Cariño antes do 15 de xaneiro, para darse por concluída a fase de xustificación.

Casilla de verificación Declaración xurada relativa ás subvenciones solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma actividade (Anexo IV).

SOLICITA o ingreso do importe que proceda da subvención concedida na conta da entidade que se indica a continuación:

Nº conta bancaria en formato IBAN ⁽²⁾:

⁽²⁾ O número de conta bancaria en formato IBAN deberá acreditarse mediante certificado orixinal expedido pola entidade bancaria. Se non consta no órgano instrutor, esta certificación deberá achegarse.

Cariño de de 2019

Asdo. D./D^a:

DNI/NIF:

A/A SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARIÑO

ANEXO VIII**CONTA XUSTIFICATIVA**

Don/a , con DNI Nº , e domicilio en rúa , Nº_ , Portal , Piso , CP_ , Concello de Cariño (A Coruña), actuando en nome propio ou en representación de Don/a , menor de idade expón que para os efectos de xustificación de subvención, declaro os seguintes gastos subvencionables:

Acredor	CIF/NIF do	Actividade	Nºfactura/recibo	Data emisión	Importe	Data pago

O importe total desta relación de gastos ascende a euros .

Declara que acción foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas na convocatoria.

Cariño de de 2019

Asdo. D./D^a:

DNI/NIF:

A/A SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARIÑO

Cariño, 27 de setembro de 2019
O alcalde
José M. Alonso Pumar

2019/7766